



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

O equipo de goberno do Concello de Porto do Son, en vista dos comunicados realizados nos últimos días polos grupos municipais do BNG, PSOE e Non Adscritos en relación á solicitude do Plan de Aforro e Investimento (PAI) da Deputación da Coruña por parte do noso Concello, queremos facer as seguintes aclaracións:

Nos parece lamentable que a totalidade dos grupos da oposición deste Concello se dediquen, en vísperas das eleccións municipais a **anteponer os intereses electoralistas** ós intereses dos nosos veciños, e que o fagan **VOTANDO EN CONTRA** do seguinte acordo:

- Solicitude de participación do PAI 2015, proposta consistente, por un lado, en refinanciar débeda municipal por importe de 126.580 euros, e por outro lado, acometer as **OBRAS DE SANEAMENTO NOS NÚCLEOS DE EIRAVEDRA, PUILLA, RESÚA E LORETO** por importe de 130.070 euros.

Máis lamentable nos parece, que despois de facer gala deste comportamento, agora se dediquen a facer comunicados nos que pretenden xustificar un comportamento inxustificable con argumentos absolutamente falsos, e que o fagan ademais de **forma consciente**.

Queremos polo tanto clarexar todas e cada unha das mentiras vertidas nos últimos días polos tres grupos da oposición:

- Os grupos municipais do BNG, PSOE e Non Adscritos, argumentan o seu voto en contra das obras de saneamento, nun comunicado de prensa de data 17 de febreiro afirmando que o proxecto da obra de saneamento en Eiravedra, Puilla, Resúa e Loreto non é un proxecto completo.

Non olviden que tódalas obras de saneamento que se fixeron durante esta lexislatura están funcionando na súa totalidade: Beneso, Miñortos, Punto de bombeo na Ornanda, Orellán, Tarrío, Penas, Nebra (Cornido, A Igrexa, Orseño e Ieste)... e na actualidade estase executando a depuradora de Abuín.

Nós aportamos informe dos servizos técnicos municipais donde queda clarexado que esta afirmación é falsa, e que a obra sería susceptible da súa posta en funcionamento inmediata unha vez rematada, posto que conta con tódalas conexións necesarias para que así fose.

- No mesmo comunicado afirman textualmente *“Os grupos municipais do BNG, PSdeG-PSOE e Non Adscritos plantexamos, nese mesmo pleno, deixar enriba da mesa a aprobación de dito punto e quedar para unha reunión onde decidir a maneira na que empregar a dita subvención...”*, afirmación inicial que agora eles mesmos contradín dicindo que no citado pleno *“aprobose por maioría destinar o importe íntegro do PAI á amortización de débeda do Concello”*, pretendendo facer responsable ó equipo de goberno de non tramitar a correspondente solicitude.

Pois ben, no pleno do día 13 de Febreiro, según o certificado e informe xurídico da secretaría municipal os grupos da oposición aprobaron a seguinte moción: *“Solicitamos que se faga o expediente pertinente e que se solicite destinar íntegramente o PAI ao pago de débeda”*, é dicir, este acordo habilita á alcaldía **únicamente a iniciar** o expediente, pero en ningún caso a tramitar a correspondente solicitude. Polo tanto, para poder tramitar a solicitude do PAI era necesario a celebración doutro pleno, pleno que foi convocado pero non chegou a celebrarse polo voto en contra da urxencia da totalidade dos membros da oposición.

Segundo conclúe o informe dos servizos xurídicos municipais *“o acordo aprobado polo Pleno da Corporación como moción na sesión ordinaria do 13/02/2015 NON HABILITA para a tramitación da solicitude de participación no PAI 2015”*, posto que *“dito acordo non se axusta ao modelo contemplado nas bases reguladoras deste plan provincial”*.

- Por último, os tres grupos poñen en dúbida a legalidade da convocatoria do Pleno Extraordinario e Urxente do día 17 de Febreiro, pleno que denominan como **“ilegal”** sin argumentar absolutamente nada que sustente tal afirmación.

O Artigo 46 da Lei de Bases de Réxime Local regula as convocatorias dos plenos nas corporacións locais, e neste artigo, no seu apartado b) establece que *“las sesiones plenarias han de convocarse, al menos, con dos días hábiles de antelación, salvo las extraordinarias que lo hayan sido con carácter urgente, cuya convocatoria con este carácter deberá ser ratificada por el Pleno”*.

A convocatoria do pleno do día 17 de Febreiro fíxose con carácter extraordinario e urxente, e polo tanto non rixe o prazo dos dous días hábiles previos á celebración do pleno para este tipo de convocatorias. Polo seu carácter urxente a **convocatoria non** esixe un prazo previo á celebración da sesión, senón que **únicamente compete ó pleno ratificar a urxencia da mesma**.

Polo tanto, o pleno foi correctamente convocado en tempo e forma, e de terse celebrado, os acordos en él tomados serían absolutamente **“legais”**.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Agardamos con estas aclaracións queden clarexadas tódalas dúbidas que poidan xurdir ó respecto, lamentamos que dende a oposición se estén vertendo este tipo de enganos á cidadanía, e dende logo esperamos que este tipo de acontecementos nos que os perxudicados son os veciños de Porto do Son non volvan acontecer no noso Concello.

Porto do Son, 25 de Febreiro de 2015